

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refº: acta 22-08-14.doc

Asunto:

ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **22 de agosto de 2014**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnease a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente, don Luis Manuel Álvarez Martínez
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Polo Grupo Municipal Socialista: dona Esther Muñoz Mella
- Polo Grupo Municipal do BNG: dona Cristina Ferreiro López
- Polo Grupo Municipal do PP: Juan Carlos Plaza
- Pola Intervención Xeral: don Marcial Rodríguez Toajas
- Polo Servizo de Contratación: don Manuel Louzao Aldariz, actuando como Secretario.

1.- Aprobación e sinatura, da acta da sesión do día 8 de agosto de 2014.

Procédese á súa aprobación e sinatura polos membros.

2.- Propostas para ditame e valoración:

De Infraestruturas:

- Para a contratación da dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde nas obras de construcción de estrutura sobre o río Mera, por importe de 10.540 euros, a favor da empresa RUEIRO CONSULTORA, S.L.
- Para a plastificación de 98 planos en formato A1, por importe de 466,08 euros, a favor da empresa PRELO, S.L.

Ditas propostas foron ditaminadas favorablemente.

De Cultura:

- Para a actuación do dúo Eclipse na parroquia de San Vicente de Coeo, por importe de 450 euros, a favor da empresa LUGONORTE DE ESPECTACULOS, S.L.
- Para o reparto de carteis de San Froilán, por importe de 1.137,40 euros, a favor da empresa BUZONEOS DEL NORTE, S.L.U.
- Para a actuación do dúo Kalima, na parroquia de Bascuas, por importe de 450 euros, a favor da empresa LUGONORTE DE ESPECTÁCULOS, S.L.
- Para a contratación de demostración de xogos tradicionais, por importe de 550 euros, a favor da entidade XOTRAMU “XOGOS TRADICIONAIS MUIMENTA”.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: acta 22-08-14.doc

Asunto:

- Para a contratación de actualización de páxina web San Froilán, por importe de 2.337,72 euros, a favor da empresa TATATA COMUNICACIÓN, S.L.
- Para a contratación do deseño e maquetación do programa oficial de festas de San Froilán, por importe de 1.632,80 euros, a favor da empresa TATATA COMUNICACIÓN, S.L.
- Para a contratación da actualización de contidos e fichas da app de turismo, por importe de 1.500 euros, a favor da empresa INTELIGENCIA VISUAL, S.L.

Ditas propostas foron ditaminadas favorablemente, cos seguintes detalles:

- A proposta para a contratación da actualización da páxina web San Froilán, por un importe de 2.337,72 €, o representante do Grupo Municipal do PP abstívose, indicando que se presenta demasiado tarde á Xunta de Compras e que se se houbera previsto coa antelación suficiente ditos traballos se poderían realizar polo Concello.
- A proposta para a contratación da actualización de contidos e fichas da app de turismo, por un importe de 1.500 €, tamén se abstivo o representante do Grupo Municipal do PP, acordándose polos membros da Xunta de Compras solicitar un informe explicativo acerca do contido da mesma.

De Deportes:

- Para o mantemento de céspede de distintas instalacións municipais, por importe de 6.000 euros, como proposta xenérica.

Dita proposta ditaminouse favorablemente.

De Prevención de Drogodependencias:

- Para a contratación dunha xornada de sensibilizacion e informativa sobre alcohol e outras drogas, por importe de 2.770,90 euros, a favor da empresa ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS, S.L.U..

Ditaminouse favorablemente, acordándose polos membros da Xunta de Compras solicitar informe no que se indique cando se vai a celebrar dito evento.

De Informática:

- Para substitución de baterías SAI APC Smart SAI RT 10000 VA, por importe de 1.996,37 euros, a favor da empresa EMETEL SISTEMAS, S.L.

Dita proposta ditaminouse favorablemente.

De CEI NODUS/ESPAZO LAB:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: acta 22-08-14.doc

Asunto:

- Para a contratación de diversos dispositivos para pechar as portas e verxas de entrada ao CEI NODUS e ESPAZO LAB, por importe de 1.402,39 euros, a favor da empresa PROTESE, S.L.

Dita proposta ditaminouse favorablemente.

De Policía Local:

- Para a adquisición de postes metálicos de aceiro galvanizado para sinalización vertical, por importe de 5.971,35 euros, a favor da empresa SETRAMUR, S.L.

Dita proposta ditaminouse favorablemente.

De Medio Ambiente:

- Para a contratación de obra de reparacións urxentes e impermeabilización de cubertas na antiga ETAP, por importe de 22.883,45 euros, a favor da empresa PORTOSAR GALICIA, S.L.U.

Dita proposta ditaminouse favorablemente.

De Arqueoloxía:

- Para a producción dun video estereográfico para pantallas 3D do patrimonio arqueolóxico lúxense, por importe de 2.178 euros, a favor da empresa DIGITUM 3D, S.L.

Dita proposta ditaminouse favorablemente.

Da Biblioteca Municipal:

- Para a adquisición de fondos bibliográficos, por importe de 631,80 euros, a favor da empresa LIBRERÍA TRAMA, S.C.
- Para a adquisición de películas en DVD por importe de 414,15 euros, a favor da empresa MOVIES DISTRIBUCIÓN..
- Para a adquisición de discos (CD audio), por importe de 646,80 euros, a favor da empresa BAILANTA, S.L.

Ditas propostas ditamináronse favorablemente.

2.- Facturas para ditame

Dación de conta do decreto número **14007700**, de data **20/08/2014**, de aprobación de determinadas facturas.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: acta 22-08-14.doc

Asunto:

As citadas facturas foron ditaminadas favorablemente.

3.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:30 horas do día sinalado no encabezamento.